Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Libunca, no castro de Ancos

O castro de Ancos está no Monte de Ancos, parroquia de Santa María de Neda, concello de Neda (A Coruña). Lugar de mouros e posible ubicación dunha antiga cidade denominada Libunca da que hai abondosas referencias pero ningunha certeza en canto á súa ubicación neste ou noutro lugar. Todo o Monte de Ancos está oco e cheo de auga; se un día rebenta, Neda desaparecerá.

Ao lado do castro de Ancos está a Fonte da Aureana, tamén chamada Fonte de Laureana ou Manantial de Laureana; desta auga facíanse gasosas e nos envases dicía: Aguas de la Basana, del manantial de Laureana.

A explicación á orixe do nome desta fonte, onde se aparece na noite de San Xoán, se hai lúa chea, unha galiña con pitos de ouro, está na seguinte lenda:

Hai moitos anos había un home que tiña tres fillas: Laureana, Aureana e Ana. Cando o pai das tres irmás quedou viúvo volveu casar cunha muller mala que trataba moi mal ás fillastras. Tal mal as atendía que unha vez transformounas en queixos e ata lle cortou un anaco a un deles. Naquel momento un raio certeiro fendeu unha árbore que había cabo da casa, e das raíces gurgullaron tres cabalos.

Dous dos cabalos fuxiron pero o terceiro, era coxo, non puido; os cabalos eran as fillas do home que a malvada madrastra convertira en queixos e o terceiro correspondía co queixo cortado, ou sexa era a irmá maior chamada Laureana.

O cabalo coxo convertiuse en fonte e nesa fonte é onde se aparece a galiña con pitos de ouro que na noite de

San Xoán, se hai lúa chea, sae e dá unha volta arredor da fonte para logo volve ao seu lugar entre as augas. Esta é a razón pola que se coñece este manancial como Fonte de Laureana.

BIBLIOGRAFÍA

MÉNDEZ FONTE, R., «O castro de Ancos. Patrimonio da memoria colectiva», en Revista de Neda. Anuario cultural do concello de Neda, nº 1, Neda, 1998, páx. 9-21.